

Guía do curso

Índice

1.Descrición do curso.....	2
2.Coordinación.....	2
3.Obxectivos.....	3
4.Competencias profesionais do profesorado.....	3
5.Contidos.....	3
6.Metodoloxía.....	4
7.Seguimento e desenvolvemento do curso.....	5
8.Requirimentos para seguir as xornadas.....	6

Descrición do curso

Esta guía didáctica ten como finalidade proporcionar ao profesorado participante unha visión xeral do curso con indicacións para a súa realización.

O curso S2101039, 'Biblioteca escolar. Centro inclusivo das aprendizaxes', dispón **de 20 prazas e implica 10 horas presenciais.**

Sempre que o protocolo o permita, serán sesións presenciais no CAFI. Agora, se a situación pandémica e o protocolo conseguinte o requiren, faríase a través da plataforma Cisco Webex.

Esta formación pretende espallar, dende a Rede de formación do profesorado, a labor de formativa e sensibilizadora da Biblioteca Inclusiva, programa da CCEOU, no contexto do **Plan LÍA.**

O enfoque da presente edición procura avanzar cara unha biblioteca que responda, realmente, ás necesidades de todo o alumnado do centro e que enfrente os retos, dunha forma decidida, que presenta a diversidade. Así, trataranse as condicións para que unha biblioteca sexa centro da inclusión e veranse tanto recursos coma prácticas que axuden a botar adiante esta visión.

Coordinación



A actividade está coordinada por Marta Valderrama Botana, asesora do Departamento de Atención e Formación en centros no Centro autonómico de formación e innovación (CAFI)

Cafi.zona4@edu.xunta.gal

981 522 411

Obxectivos

1. Salientar a importancia da biblioteca escolar coma ferramenta privilexiada para a atención á diversidade, especialmente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Analizar as características dunha auténtica biblioteca inclusiva, no referente ao deseño de espazos, mobiliario, equipamento, sinalización e servizos.
3. Analizar estratexias, ferramentas e recursos, así coma experiencias prácticas de valor que promovan unha biblioteca inclusiva coma estratexia didáctica para atender a diversidade.

Competencias profesionais do profesorado

- Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado.
 - Acción tutorial e atención á diversidade.
- Membro dunha organización.
 - Organización, planificación, coordinación.

O modelo completo das competencias profesionais docentes pode ser consultado en diferentes formatos: http://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual2/pluginfile.php/35981/mod_resource/content/4/index.html.

Contidos

1. Lectura e diversidade. Lectura en contextos de dificultade para a comprensión lectora.
2. Deseño de espazos accesibles e adecuados nunha biblioteca inclusiva.
3. Recursos, materiais e estratexias para o fomento da lectura en contextos de diversidade.
4. Experiencias en bibliotecas inclusivas e no fomento da lectura con ANEAE.

Metodoloxía

Contaremos con tres formatos metodolóxicos:

1. Haberá sesións explicativas, formativas e sensibilizadoras. Con elas, procúrase que argallemos entre todos e todas un esquelete de modelo de biblioteca inclusiva para revisar a propia.
2. Tamén teremos obradoiros, coma o de lectura expresiva;
3. E contaremos, por suposto, con casos prácticos, en dúas modalidades:
 1. Boas prácticas que nos traerán ao CAFI.
 2. Roteiro de bibliotecas. Este caso é o do último día, no que se vos propón visitar in situ as dúas seguintes bibliotecas:
 - Do CEE Navalón (mércores 30 de marzo, 16:30-18:00 horas)
 - Do CEIP Lamas de Abade (mércores 30 de marzo, 18:30-20:30)

Animarásevos dende o primeiro día do curso a que, na medida das vosas posibilidades, implementedes algunha actividade de fomento da lectura altamente inclusiva, segundo grella, na aula e na biblioteca a partir do que vaiades aprendendo.

Seguimento e desenvolvemento do curso

S2101039 Biblioteca escolar. Centro inclusivo das aprendizaxes			
Mércores 23 de febreiro 16:30-20:30 horas	2 h	Bibliotecas escolares, centros inclusivos.	M. ^a Cristina Novoa Fernández
	2 h	Obradoiro de lectura expresiva e oralidade na biblioteca inclusiva.	María del Rosario Pita Villares
Xoves 10 de marzo 16:30-20:30 horas	4 h	Recursos para atender a inclusión na biblioteca escolar.	María Paz Rita Fernández Pereiro
Xoves 17 de marzo 16:30-20:30 horas	4 h	Xogo e inclusión na biblioteca escolar.	Ana Ordás
Luns 21 de marzo 16:30-20:30 horas	1 h	Prácticas dende a radio escolar. CPI M. Suárez Marquier.	M. ^a Dolores Sánchez Blázquez; María Oca
	1 h	Prácticas dende o voluntariado. CIFP Ánxel Casal.	Purificación Vázquez Silva
	2 h	Diversidade afectivo sexual. IES de Valadares.	Marcos Barreira Baños
Mércores 30 de marzo 16:30-20:30 horas	2 h	Visita á biblioteca do CEE Navalón.	Manuel Andrade Vallo
	2 h	Visita á biblioteca do CEIP Lamas de Abade.	Francisco Javier Varela

Requisitos para seguir o curso

Ao prever que o curso será no CAFI, excepto o último día, o único que se necesita é estar correctamente matriculado/a. Recoméndase traer un bolígrafo propio.

Pensando nas dúas visitas a bibliotecas so mércores 30 de marzo, precisarase capacidade de desprazamento independente dende orixe ao Navalón e, logo, ao Lamas de Abade. A continuación achéganse ambas direccións:

- CEE Navalón: Lugar Casas do Rego, 20, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña.
- CEIP Lamas de abade: Rúa de Lamas de Abade, 0 S/N, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña.

No caso de que se teña que pasar a presencialidade a virtual, requerirase:

- Unha conexión a internet de banda ancha con acceso a través dun pc ou dispositivo móbil.
- Navegador de Internet nas súas versións actualizadas e recentes.
- Lector de documentos para arquivos en formato PDF.
- Paquete ofimático LibreOffice ou semellante.
- Cámara (aínda que non é indispensable) e micro.
- Cascos (recomendable).
- A aplicación de Cisco Webex descargada (recomendado).
- Datos de usuario en Cisco Webex correctos para a ocasión, é dicir: usuario con nome completo e apelidos e correo electrónico <@edu.xunta.gal>

Santiago de Compostela,

Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)

Departamento de Atención e formación en centros